

No suposto de non alcanzarse quórum suficiente en primeira convocatoria, entenderase efectuada unha segunda convocatoria pasada media hora da fixada inicialmente, e poderase celebrar a sesión que corresponda, calquera que sexa o número dos membros asistentes.

2. O presidente da Comisión Permanente, os presidentes das comisións técnicas de cooperación e os coordinadores dos grupos de traballo fixarán a orde do día das sesións tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros destes órganos, formuladas con suficiente antelación.

Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do órgano e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

3. Por instancia do presidente do Pleno ou da Comisión Permanente ou co acordo previo do órgano que corresponda, os titulares de unidades administrativas do Ministerio de Cultura, do Ministerio de Educación, das comunidades autónomas ou doutros órganos poderán asistir ás súas sesións, sen dereito a voto, para informar, de ser o caso, dos asuntos da súa competencia.

4. O establecido neste artigo para as comisións técnicas de cooperación non será aplicable ás comisións técnicas de cooperación previstas nas alíneas c) e d) do artigo 10.1.

Artigo 14. *Das sesións.*

1. O Pleno do Consello de Cooperación Bibliotecaria reunirse con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano. Con carácter extraordinario, o Pleno reunirse cando así o acorde o seu presidente ou por solicitude de, cando menos, un terzo dos seus membros. Neste último caso, á solicitude deberásele xuntar a orde do día que deba tratarse no Pleno.

2. A Comisión Permanente, as comisións técnicas de cooperación previstas nas alíneas a), b) e e) do artigo 10.1, os grupos de traballo creados por algunha delas para tratar cuestións referidas, unicamente, á tipoloxía de biblioteca a que se refire cada unha das devanditas comisións e os grupos de traballo mixtos reuniranse, polo menos, dúas veces ao ano e, ademais, cando o acorde o seu presidente ou coordinador ou por solicitude de, cando menos, un terzo dos seus membros, de acordo co procedemento establecido no número anterior.

Artigo 15. *Dos acordos.*

Os acordos, para seren válidos, deberán ser aprobados pola maioría dos membros presentes con dereito a voto.

Artigo 16. *Dos medios.*

O Ministerio de Cultura proporcionará os medios materiais necesarios para o bo funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria.

Artigo 17. *Réxime xurídico.*

1. No non previsto neste regulamento rexerá o establecido sobre órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do disposto neste regulamento, o Consello poderá aprobar as normas de réxime interno que considere procedentes para o mellor desenvolvemento dos seus traballos.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

A constitución e funcionamento da Comisión non suporá incremento ningún do gasto público e será atendida cos medios materiais e persoais existentes no Ministerio de Cultura.

Disposición adicional segunda. *Constitución de órganos e designación de membros.*

No prazo de 60 días desde a data da entrada en vigor deste regulamento procederase a constituír o Pleno, a Comisión Permanente e as comisións técnicas de cooperación e á designación dos seus compoñentes.

Disposición adicional terceira. *Grupos de traballo das Xornadas de Cooperación Bibliotecaria entre o Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas.*

Os grupos de traballo creados no marco das Xornadas de Cooperación Bibliotecaria entre o Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas integraranse, no caso de que resulte adecuado en relación co previsto neste regulamento, como grupos de traballo do Consello de Cooperación Bibliotecaria. A Comisión Permanente cualificaraos como grupos de traballo mixtos ou grupos de traballo adscritos a unha soa comisión técnica de cooperación e establecerá, en ambos os casos, as medidas que cumpra adoptar para adecuar a súa composición ao previsto neste regulamento.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

408 *ORDE EHA/3999/2007, do 27 de decembro, pola que se regula a xestión e control das cotas de produción de azucre e isoglicosa. («BOE» 10, do 11-1-2008.)*

O Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector do azucre, estableceu a nova organización común de mercados no sector do azucre, dentro da reforma do devandito sector, en substitución da anterior.

O citado regulamento fixa unhas cotas nacionais de produción de azucre e isoglicosa que os Estados membros asignarán entre as empresas produtoras establecidas no seu territorio a partir da campaña de comercialización 2006/2007 e dispón, ao mesmo tempo, a percepción dun canon de produción fixo polas devanditas cotas e dun importe polos excedentes de azucre e isoglicosa producidos en cada campaña ou, de ser o caso, por cotas adicionais asignadas.

Nas súas disposicións de aplicación, contidas no Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006, do Consello, no referente á xestión do mercado interior do azucre e ao réxime de cotas, e no Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006, do Consello, no que se refire á produción obtida á marxe de cotas no sector do azucre, regúlase o sistema de declaracións e comunicacións das empresas produtoras, que servirán para determi-

nar a produción de azucre e isoglicosa e os excedentes producidos, así como o procedemento de control por parte das autoridades competentes.

Esta orde ten por obxecto adaptar, no ámbito nacional español, o previsto para a totalidade dos Estados membros nos regulamentos comunitarios citados, establecendo as declaracións e comunicacións que deben presentar as empresas fabricantes de azucre e isoglicosa, os modelos, forma e prazos para levar a cabo a liquidación e ingreso do canon de produción e do importe por excedentes, así como as actuacións de control que deben levar a cabo os servizos de Alfándegas, substituíndo a vixente Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 25 de setembro de 1987 pola que se regula a xestión das cotizacións e da exacción reguladora sobre o azucre e a isoglicosa.

Ao respecto, o Real decreto 214/1987, do 16 de xaneiro, polo que se establecen medidas para a liquidación, recadación e control da cotización sobre a produción do azucre e isoglicosa e a cotización para a compensación dos gastos de almacenamento no sector do azucre, atribúe aos servizos dependentes da Dirección Xeral de Alfándegas e Impostos Especiais, actual Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a liquidación, recadación, control e inspección das devanditas cotizacións e dispón que o Ministerio de Economía e Facenda estableza os modelos de declaración, prazos de presentación e modalidades de ingreso destas.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións desta orde son de aplicación, a partir da campaña de comercialización 2006/2007, ás empresas fabricantes de azucre e isoglicosa de cota asignada en cada campaña de comercialización, así como ás empresas transformadoras de azucre e de isoglicosa industrial, tal como se definen no artigo 2. d) do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006, do Consello, no que se refire á produción obtida á marxe de cotas no sector do azucre.

Artigo 2. *Cota de produción de azucre e isoglicosa.*

1. Presentación de declaracións e comunicacións sobre a produción e as existencias de azucre e isoglicosa.

a) Presentación de declaracións mensuais.

1.º As empresas fabricantes de azucre deberán presentar ante a Dependencia Provincial de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Madrid, na súa condición de oficina xestora centralizadora (de agora en diante, Alfándega Xestora), antes do 20 de cada mes, unha declaración, segundo o modelo que figura no anexo I, das cantidades totais de azucre e xarope sinaladas no artigo 3.1. a), b), c) e d) do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006, do Consello, no referente á xestión do mercado interior do azucre e ao réxime de cotas, expresadas en azucre branco, que teñan en propiedade ou das que dispoñan dun certificado de depósito e/ou que tivesen almacenadas en réxime de libre práctica no territorio da Comunidade Europea ao final do mes anterior.

As devanditas cantidades desagregaranse en: existencias de azucre de cada fábrica, azucre producido pola empresa, especificando as cantidades producidas dentro da cota, as producidas á marxe da cota e as trasladadas de conformidade cos artigos 14 ou 19, respectivamente,

do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector do azucre, así como outros tipos de azucre.

As empresas fabricantes enviarán, igualmente, unha copia da declaración aos servizos de Alfándegas do lugar onde estean establecidas as súas fábricas.

2.º As empresas fabricantes de isoglicosa deberán presentar ante a Alfándega Xestora, antes do 20 de cada mes, unha declaración, segundo o modelo que figura no anexo I, das cantidades totais de isoglicosa, expresadas en materia seca, que teñan en propiedade e/ou que tivesen almacenadas en réxime de libre práctica no territorio da Comunidade Europea ao final do mes anterior.

As devanditas cantidades desagregaranse en: existencias de cada fábrica, isoglicosa producida pola empresa, especificando as cantidades producidas dentro da cota, as producidas á marxe da cota e as trasladadas de conformidade cos artigos 14 ou 19 do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, respectivamente, e outras cantidades de isoglicosa.

As empresas fabricantes enviarán, igualmente, unha copia da declaración aos servizos de Alfándegas do lugar onde estean establecidas as súas fábricas.

b) Presentación da declaración da produción definitiva de azucre.

1.º As empresas fabricantes de azucre deberán presentar ante a Alfándega Xestora, dentro da primeira quincena do mes de outubro de cada ano, unha declaración, conforme o modelo que figura no anexo II, de todo o azucre producido durante a campaña de comercialización anterior, acompañada da folia de control da produción correspondente a cada unha das súas fábricas, segundo o modelo que figura no anexo III.

2.º A Alfándega Xestora determinará, sobre a base das declaracións presentadas: as cantidades producidas ao amparo da cota asignada; as cantidades producidas durante a campaña anterior que fosen obxecto de traslado de conformidade co establecido nos artigos 14 e 19 do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, e as cantidades producidas á marxe da cota asignada.

2. Liquidación e ingreso do canon de produción.

a) A partir da campaña 2007/2008, antes do 31 de xaneiro de cada ano, a Alfándega Xestora practica unha liquidación do canon de produción fixado pola normativa comunitaria, tomando como base a cota asignada a cada empresa fabricante de azucre e de isoglicosa e notificaráselle de modo expreso o importe resultante.

b) As empresas fabricantes efectuarán o pagamento dos importes que lles foron notificados non máis tarde do derradeiro día do mes de febreiro, utilizando o modelo 031 de documento de pagamento para débedas de comercio exterior.

3. Liquidación e ingreso do importe da cota adicional de azucre asignada.

a) No caso de que lle fose asignada a unha empresa fabricante unha cota adicional para a campaña 2007/2008, dentro da cota adicional de azucre outorgada a España de acordo co disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, a Alfándega Xestora, antes do 31 de xaneiro de 2008, practica unha liquidación do importe único fixado pola normativa comunitaria, notificándose o importe resultante de modo expreso á empresa fabricante.

b) A empresa fabricante efectuará o pagamento do importe que lle fose notificado non máis tarde do derradeiro día do mes de febreiro, utilizando o modelo 031 citado anteriormente.

Artigo 3. *Producción de azucre e isoglicosa á marxe das cotas.*

1. Presentación de declaracións e determinación dos excedentes de produción.

a) As empresas fabricantes de azucre ou isoglicosa deberán presentar ante a Alfándega Xestora, antes do 1 de febreiro da campaña de comercialización de que se trate, unha declaración das cantidades producidas por riba da cota de produción, expresadas en azucre branco, se se trata de azucre, ou en materia seca, se se trata de isoglicosa, segundo o modelo que figura no anexo IV. As devanditas cantidades poderán ser, se procede, obxecto de axustes ata o 1 de xuño.

b) A Alfándega Xestora, sobre a base das declaracións presentadas e axustadas, de ser o caso, e das probas documentais xustificativas dos destinos mencionados a continuación, logo da comprobación, se é o caso, ante os servizos de Alfándegas correspondentes, determinará, antes do 31 de marzo seguinte á finalización da campaña de comercialización, o total de excedentes de azucre e de isoglicosa producidos por cada empresa á marxe das cotas de produción da campaña de comercialización anterior.

As devanditas probas documentais deberán xustificar que as cantidades de azucre ou de isoglicosa producidas á marxe das cotas, que quedarían exentas do importe por excedentes previsto na normativa comunitaria, foron:

1.º Trasladas durante a campaña de comercialización de que se trate á campaña de comercialización seguinte, sempre que fosen convenientemente comunicadas en forma e prazos establecidos á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2.º Entregadas antes do 30 de novembro seguinte á finalización da campaña de comercialización para a súa transformación nalgún dos produtos industriais a que se refire o Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

3.º Entregadas antes do 31 de decembro seguinte á finalización da campaña de comercialización no marco do réxime específico de abastecemento das rexións ultraperiféricas establecido na normativa comunitaria.

4.º Exportadas antes do 31 de decembro seguinte á finalización da campaña de comercialización de conformidade coa normativa comunitaria ao respecto.

5.º Destruídas ou deterioradas e convenientemente recoñecidas nas dilixencias practicadas polos servizos de Alfándegas.

A Alfándega Xestora, cando existan razóns especiais que o xustifiquen, por solicitude do interesado, poderá autorizar un prazo máis amplo para presentar as probas documentais mencionadas anteriormente.

2. Liquidación e ingreso do importe por excedentes.

a) Antes do 1 de maio de cada ano, a Alfándega Xestora practicará unha liquidación do importe total por excedentes de produción, tomando como base o importe por tonelada fixado pola normativa comunitaria e o total de excedentes de cada empresa fabricante correspondentes á campaña de comercialización anterior, e notificaralles esta ás devanditas empresas.

b) As empresas fabricantes efectuarán o pagamento do importe que lles foi notificado antes do 1 de xuño, utilizando o modelo 031 citado anteriormente.

Artigo 4. *Actuacións dos servizos de Alfándegas.*

1. Controis.

a) Controis nas empresas fabricantes de azucre e isoglicosa.

Os servizos de Alfándegas, polo que se refire á produción de azucre, levarán a cabo ao longo de cada campaña de comercialización e, de modo particular, durante a fase de moenda da remolacha, controis in situ nas fábricas correspondentes a cada empresa fabricante, co obxecto de garantir a exactitude dos datos contidos nos libros rexistro e nas declaracións e comunicacións formuladas, así como dos instrumentos de pesar e das análises realizadas.

b) Controis nas empresas transformadoras.

Os servizos de Alfándegas levarán a cabo ao longo de cada campaña de comercialización controis in situ de, polo menos, o 50% das empresas transformadoras, seleccionadas, de ser o caso, segundo análises de risco, co obxecto de comprobar a coherencia e correspondencia entre as subministracións da materia prima (azucre ou isoglicosa) e os produtos transformados ou subprodutos obtidos e garantir a exactitude dos datos contidos nos libros rexistros, documentos comerciais e comunicacións formuladas, así como dos instrumentos de medición e das análises realizadas.

c) Informe de control.

Os controis a que se refiren as alíneas a) e b) anteriores darán lugar ao correspondente informe do funcionario responsable do control, no cal se farán constar os datos que figuran no artigo 10.5 do Regulamento (CE) n.º 952/2006, do 29 de xuño de 2006, e no artigo 12.3 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Os informes de control quedarán arquivados, como mínimo, durante tres anos, nos servizos de Alfándegas correspondentes ao lugar onde estea establecida a fábrica de azucre e de isoglicosa ou a empresa transformadora.

2. Comunicacións.

a) A Alfándega Xestora comunicarlle ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o seu traslado á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os datos seguintes:

1.º Antes do día 15 do segundo mes seguinte ao que corresponda a declaración mensual mencionada no artigo 2.1.a) da presente orde, a produción efectiva de azucre ou de isoglicosa de cada empresa fabricante.

2.º Antes do día 15 do segundo mes seguinte ao que corresponda a comunicación mencionada no artigo 2.3 da Orde de Presidencia do 27 de decembro de 2007, a cantidade de azucre ou de isoglicosa industrial que fose subministrada polas empresas fabricantes a empresas transformadoras autorizadas.

3.º Antes do 15 de xuño de cada ano, as cantidades producidas por riba da cota de produción e, se é o caso, obxecto de axuste, que figuran nas declaracións presentadas de acordo co establecido no artigo 3.1.a) desta orde.

4.º Antes do 31 de outubro, a produción definitiva de cada empresa fabricante.

5.º Antes do 31 de outubro, a cantidade de azucre ou de isoglicosa industrial subministrada por cada empresa fabricante a empresas transformadoras autorizadas, así como a cantidade das devanditas materias primas industriais que fosen utilizadas por tales empresas, correspondentes á campaña de comercialización anterior.

6.º Antes do 15 de abril de cada ano, o total de excedentes de azucre e de isoglicosa producidos por cada empresa á marxe das cotas de produción da campaña de comercialización anterior.

b) As dependencias rexionais de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria remitiranlle ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración

Tributaria, en xaneiro de cada ano, un informe en que se faga un resumo dos controis efectuados polos seus servizos nas empresas fabricantes de azucre e de isoglicosa, así como nas empresas transformadoras destas materias primas, especificando as deficiencias observadas, as medidas adoptadas e as sancións aplicadas. O devandito informe servirá para a elaboración do informe anual, que se enviará á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 15 de marzo.

c) As comunicacións a que se refiren as alíneas anteriores poderanse realizar a través de medios telemáticos.

Artigo 5. *Réxime tributario xeral de declaracións e sancionador.*

As declaracións formuladas en cumprimento do disposto nesta orde teñen, para todos os seus efectos, o carácter de declaración tributaria e obrigan o interesado de modo especial en relación:

a) coa exactitude dos datos e das cantidades de produtos manifestadas.

b) coa autenticidade dos documentos e probas xustificativas achegadas.

Sen prexuízo do disposto nos artigos 6 e 7 desta orde, as irregularidades e infraccións que se constaten cualifícaranse e sancionaranse, de ser o caso, de acordo co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, do Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

Artigo 6. *Infraccións e sancións ás empresas fabricantes de azucre e isoglicosa.*

1. O incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos polas empresas fabricantes de azucre ou de isoglicosa para obter a autorización implicará, con independencia, se é o caso, de medidas sancionadoras, a retirada da devandita autorización, tal como se prevé no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

2. Caso de que a empresa fabricante non respectase os compromisos para obter a autorización e de que falten xustificantes que impidan aos servizos de Alfándegas realizar os controis correspondentes, imporase unha sanción de 500 € por tonelada, aplicable a unha cantidade de produto acabado determinado por unha contía fixa en función da gravidade da infracción, tal como se prevé no artigo 11.2 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

3. En caso de detectarse diferenzas entre as existencias físicas e os datos dos libros rexistro ou falta de coherencia entre as cantidades de materia prima e as de produtos acabados obtidos ou entre os documentos pertinentes e os datos ou as cantidades declaradas ou contidas nos libros rexistro das empresas fabricantes de azucre ou de isoglicosa, procederase a determinar ou, de ser o caso, avaliar as cantidades reais de produción e de existencias da campaña en curso e, se procede, de campañas anteriores.

Por toda cantidade da que se fixese unha declaración incorrecta, que dea lugar a unha vantaxe financeira indebida, imporase unha sanción de 500 € por tonelada desa cantidade, tal como se prevé no artigo 11.1 do Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

4. Non se aplicarán, porén, os puntos anteriores en casos de forza maior ou cando as diferenzas e faltas de coherencia detectadas sexan inferiores a un 5%, en peso, da cantidade de produtos acabados declarados ou rexistrados e controlados ou cando obedezan a omisións ou

meros erros administrativos, sempre e cando se adopten medidas para evitar que se volvan producir.

Artigo 7. *Infraccións e sancións ás empresas transformadoras.*

1. O incumprimento das condicións da autorización ou as irregularidades por parte das empresas transformadoras, das que se tivesen constancia ou que se observen como consecuencia dos controis efectuados, que supoñan discrepancias entre as existencias físicas, as existencias anotadas nos libros rexistro e as subministracións de materias primas, así como a falta de xustificantes para establecer a concordancia entre os devanditos elementos, darán lugar, con independencia das medidas sancionadoras que poidan adoptarse ao caso, á retirada por parte dos servizos de Alfándegas do lugar onde radique o seu establecemento da autorización outorgada ao respecto durante un período que non poderá ser inferior a tres meses a partir da data na se constatase, tal como se prevé no artigo 13.1 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Durante o período de retirada da autorización, a empresa transformadora non poderá recibir subministracións da materia prima industrial, aínda que si poderá seguir utilizando a que lle fose subministrada con anterioridade.

Non obstante o disposto anteriormente, a autorización non se retirará se a discrepancia entre as existencias físicas e as anotadas nos libros rexistros é consecuencia dun caso de forza maior, é inferior ao 5%, en peso, da cantidade de materias primas obxecto do control ou é resultado de omisións ou de simples erros administrativos, a condición de que se adopten medidas de rectificación para evitar que todas estas deficiencias se repitan no futuro.

2. Así mesmo, en caso de que a empresa transformadora non presente, dentro do prazo establecido, a proba de utilización da materia prima industrial subministrada, deberá pagar un importe de 5 € por tonelada da subministración en cuestión e por día de atraso, tal como se prevé no artigo 9.3 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006. Se non se presenta a devandita proba antes do final do sétimo mes seguinte á subministración, a cantidade en cuestión considerase declarada en exceso e procederase á retirada da autorización concedida durante un período de tres e seis meses.

3. A retirada da autorización á empresa transformadora polos servizos de Alfándegas, a que se refiren os números 1 e 2 anteriores, seralles comunicada tanto ás empresas fabricantes de azucre ou de isoglicosa que lle subministrasen os produtos como aos restantes órganos administrativos afectados pola medida.

Desde o momento da notificación, calquera envío de cantidades de azucre ou de isoglicosa á empresa transformadora á cal se lle retirase a autorización non se computará como azucre ou isoglicosa industrial, para efectos da exención do importe por excedentes previsto no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, e no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

4. En caso de declaración excesiva das cantidades de materias primas utilizadas, a empresa transformadora deberá pagar un importe de 500 € por cada tonelada declarada en exceso, tal como se prevé no artigo 13.1 do Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 25 de setembro de 1987 pola que se regula a xestión das cotizacións e da exacción reguladora sobre o azucre e a isoglicosa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para ditar as disposicións necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

ANEXO III

FOLLA DE CONTROL DE PRODUCCIÓN

DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA	COTA DE PRODUCCIÓN DE AZUCRE
DEPENDENCIA PROVINCIAL DE ALFÁNDEGAS E I.L.EE. -----	FOLLA DE CONTROL

SUJEITO PASIVO	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF	
	DOMICILIO DA FÁBRICA	LOCALIDADE	PROVINCIA
	DOMICILIO FISCAL	LOCALIDADE	PROVINCIA

CAMPAÑA: /

Producción	
Azucres producido durante campaña	
Axuste por reconto	
Total	

....., o de de 2.....

(data e sinatura)

DILIXENCIAS

Resultado das comprobacións efectuadas polos servizos de Alfándegas	
Pola empresa,	O inspector,

ANEXO IV

DECLARACIÓN DA CANTIDADE TOTAL DE AZUCRE OU DE ISOGLICOSA
PRODUCIDA Á MARXE DA COTA

DELEGACIÓN DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA	PRODUCCIÓN DE AZUCRE OU DE ISOGLICOSA Á MARXE DA COTA
DEPENDENCIA PROVINCIAL DE ALFÁNDEGAS E ILEE. 	

CAMPAÑA DE COMERCIALIZACIÓN 2. /	AZUCRE	ISOGLICOSA
--	--------	------------

SUXEITO PASIVO	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF	
	DOMICILIO FISCAL	TELÉFONO	
	MUNICIPIO	LOCALIDADE	PROVINCIA

1.- Produción á marxe da cota	
2.- Traslado á campaña seguinte	
3.- Cantidades exportadas	
4.- Azucre industrial	
5.- Entregas en marco REA	
6.- Destruídas ou deterioradas	
7. Excedentes suxeitos a liquidación = 1-(2+3+4+5+6)	

....., o de de 2.....

(data e sinatura)